CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecementos regrados

Marzo 2017

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de marzo de 2017**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2016 e anteriores.

MARZO 2017

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Marzo 2017

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16	%	Var. Int. 17/16
HOTEIS	187.421	-8,9%	339.719	-14,8%	1,81	-6,6%	29,21%	-2,36
PENSIÓNS	33.611	-40,6%	69.090	-26,6%	2,06	23,5%	14,39%	-3,48
ESTAB. HOTELEIROS	**221.031**	**-15,7%**	**408.809**	**-17,1%**	**1,85**	**-1,6%**	**24,87%**	**-2,65**
APTOS. TURÍSTICOS	4.428	-47,0%	14.852	-43,2%	3,35	7,3%	12,38%	-7,01
CÁMPINGS	646	-68,9%	1.055	-81,7%	1,63	-41,0%	9,05%	3,17
TURISMO RURAL	7.570	-38,7%	11.511	-52,4%	1,52	-22,3%	6,62%	-5,71
ESTAB. EXTRAHOTEL.	**12.644**	**-44,5%**	**27.418**	**-51,1%**	**2,17**	**-11,8%**	**-**	**-**
TOTAL	**233.675**	**-18,0%**	**436.227**	**-20,6%**	**1,87**	**-3,1%**	**-**	**-**

- No pasado mes de marzo Galicia rexistra unha caída do volume de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados da comunidade, do 18%, ata situarse en pouco máis de 233 mil. Descende tamén o número de noites rexistradas, nunha porcentaxe semellante, do 20,6% neste caso, acadando 436 mil no conxunto da comunidade.
- Tal circunstancia explícase en boa medida polo efecto do calendario e particularmente pola celebración da Semana Santa que o pasado ano coincidiu plenamente no mes de marzo e este 2017 en abril. Sendo como é un período de notable importancia turística afecta en grande medida os resultados e á conxuntura destes dous meses e tamén do primeiro trimestre.
- O descenso da demanda deste mes contraponse aos incrementos rexistrados nos dous últimos anos cando o número de noites subira un 16,8% en marzo de 2015 e un 27,7% en 2016 –logo dun período de alterne de subas e caídas por mor do efecto do calendario-. Fréase, por tanto, a tendencia positiva do último bienio quedando o volume final de noites en pouco máis de 436 mil no conxunto dos establecementos regrados de Galicia –dato obviamente inferior ao do pasado ano mais superior ao rexistrado nos dous anteriores-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante. O descenso deste ano contraponse aos incrementos rexistrados no bienio anterior mantendo desta maneira a serie na que se alternan anos de crecemento con anos de caídas neste terceiro mes do ano.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Marzo 2005-17



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na perda de algo máis de 50 mil viaxeiros aloxados e de 113 mil noites en relación ao mes de marzo de 2016.
- A nivel estatal obsérvase igualmente unha caída da cifra de viaxeiros aloxados –do 7,0%- e un descenso paralelo do volume de noites –cae un 9,6% neste caso-.
- Esta caída vén como consecuencia dos descensos rexistrados na maior parte das comunidades autónomas. Agás Madrid, que consegue superar os niveis do pasado ano nun 2,7%, os restantes destinos estatais amosan caídas de diversa intensidade. Canarias, Murcia e a C. Valenciana son as comunidades que presentan o descenso máis moderado mentres que, no lado contrario, son os destinos do norte peninsular –Cantabria e Asturias- os que amosan as caídas máis intensas e notables –do 37% en ambas-.
- Galicia sitúase no grupo de comunidades que presentan un descenso importante, en porcentaxes similares ás de Estremadura neste caso.
- En termos de viaxeiros aloxados o comportamento é semellante aínda que varían as porcentaxes. Tamén neste caso Madrid consegue resultados positivos, superando nun 3% o dato de marzo de 2016. Os restantes destinos amosan cifras negativas, con descensos de diversa intensidade –sendo tamén Cantabria e Asturias os que presentan as caídas máis notables, de máis do 25% en ambas-.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste terceiro mes do ano a novena posición representando o 1,6% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,8 millóns de pernoctacións no mes de marzo –o 32,7% do total-. Sitúanse a continuación e xa con certa distancia Andalucía –con algo máis de 4,2 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 3,6 millóns- e a C. Valenciana –con máis de 3,1 millóns neste caso-. Nun segundo grupo localízase Madrid –con pouco máis de 2,1 millóns-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 81,4% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.

- En marzo o 93,7% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 77,9%- como ás pensións –co 15,8% neste caso-. O 6,3% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,4% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 2,6%-. Os cámpings apenas rexistran niveis de demanda aceptables e nin sequera chegan ao 0,2% do total da demanda regrada, circunstancia propia da temporada baixa.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Marzo 2017



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Tres de cada catro pernoctacións prodúcense xustamente nesta tipoloxía.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo e negativo, con descensos de diversa intensidade. No ámbito hoteleiro a caída é do 17% observándose certa diferenza entre os hoteis –onde o volume de pernoctacións descende un 15%- e as pensións –que amosan unha caída do 27%-. En ambas tipoloxías descende tamén a cifra de viaxeiros aloxados –un 9% nos hoteis e un 41% nas pensións- acompañada por unha caída da estadía media nos primeiros e un incremento paralelo da mesma nas segundas.
- No ámbito extrahoteleiro o comportamento negativo tradúcese nun descenso de máis do 50% no volume de noites, porcentaxe moi notable que afecta a todas as tipoloxías: cae a demanda un 43% nos apartamentos turísticos, un 82% nos cámpings e un 52% nos establecementos de turismo rural. Acontece tamén neste caso que o descenso da demanda vén como consecuencia en boa medida dunha caída da cifra de viaxeiros aloxados nas tres tipoloxías: do 47% nos apartamentos turísticos, do 69% nos cámpings e do 39% nos establecementos de turismo rural.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Marzo 2017/16, por tipoloxías



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese nunha perda de algo máis de 84 mil noites no segmento hoteleiro e de preto de 29 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de marzo do pasado ano. O comportamento negativo é, por tanto, homoxéneo e vén afectado en grande medida polo efecto do calendario comentado anteriormente.
- Este contexto negativo obsérvase tamén dentro do ámbito hoteleiro onde os niveis de demanda caen en todas as categorías se ben con diversa intensidade. Son os hoteis de catro e cinco estrelas os que amosan un mellor comportamento relativo pois o nivel de pernoctacións cae un 9% como consecuencia dun descenso da estadía media xa que a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 1,3%. Nas restantes categorías a caída da demanda iguala ou supera o 15% interanual situándose as cifras máis elevadas –cos descensos máis destacados- nos hoteis dun estrela –onde o volume de pernoctacións cae en máis dun 30% en relación ao mes de marzo de 2015.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Marzo 2017



- Neste mes de marzo o 82,1% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 17,9% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e son practicamente equivalentes á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 82,4% mentres que o internacional representa o 17,6%-. Esta distribución aseméllase bastante á observada nos últimos meses do pasado ano e no primeiro bimestre deste 2017 e caracteriza en boa medida o perfil da demanda en temporada baixa.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo e negativo neste mes de marzo. O turismo nacional cae de forma notable –un 24% en relación ao pasado ano- como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois aloxados nos establecementos regrados de Galicia, do 19% neste caso. Este descenso contraponse aos incrementos rexistrados nos dous anos anteriores –con subas do 15% en marzo de 2015 e do 30% en 2016- e sitúa o nivel final en preto de 360 mil noites.
- O turismo internacional presenta tamén resultados negativos con descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 11,5%- coma do nivel de pernoctacións –do 2,0% neste caso-. Acontece tamén neste segmento que a caída deste ano contraponse aos incrementos rexistrados en marzo de 2015 e 2016 e coloca o nivel final en algo máis de 78 mil noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano máis superior á dos sete anteriores-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Marzo 2017/16



- En termos relativos o turismo internacional representa neste mes de marzo o 17,6% do total de viaxeiros aloxados e o 17,9% das pernoctacións, cifras propias da temporada baixa que a pesar do descenso rexistrado en termos de volume superan o peso de marzo de 2016 –cando en termos de pernoctacións supoñía o 14,5%-. Na realidade, nunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o peso do mercado internacional acada neste ano un máximo histórico no mes de marzo. Nun contexto negativo, por tanto, mantense a tendencia de incremento da cuota de mercado do turismo internacional en Galicia, gañando peso no conxunto da demanda regrada.

- O comportamento dos dous segmentos de mercado reprodúcese, con diversa intensidade, nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. Así a demanda nacional cae tanto no segmento hoteleiro coma no extrahoteleiro, en porcentaxes importantes –un 20% no primeiro e un 55% no segundo-. O turismo internacional cae tamén en ambas tipoloxías –case un 2% no segmento hoteleiro e un 5,6% no extrahoteleiro-. Esta última porcentaxe non é moi representativa pois atinxe a un volume moi baixo de pernoctacións internacionais nos tres establecementos considerados: apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural. En concreto, pouco máis de 4.200 neste mes.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,87 noites, cifra que descende un 3,1% en relación ao pasado ano. Este dato contraponse ao incremento rexistrado en marzo do pasado ano –cando a estadía media subira un 2,9% mais segue a tendencia dos anos anteriores. Esta dinámica coloca en consecuencia a cifra final en case 1,9 noites, dato equivalente ao de marzo de 2015 e que supón un mínimo histórico na nosa comunidade.
- Os apartamentos turísticos son a modalidade que presenta as estadías máis elevadas, con 3,3 noites de media neste mes de marzo. As pensións rexistran tamén un valor importante aínda que difire do anterior, cunha media de 2,1 noites. As restantes tres tipoloxías rexistran un valor inferior ás dúas noites de media sendo de 1,8 nos hoteis, de 1,6 nos cámpings e de 1,5 nos establecementos de turismo rural.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Marzo 2017



- A estadía media sobe en dúas tipoloxías, con diversa intensidade –en particular increméntase un 23,5% nas pensións e un 7,3% nos apartamentos turísticos-. Descende, en cambio, nas outras tres modalidades: un 6,6% nos hoteis, un 41,0% nos cámpings e un 22,3% nos establecementos de turismo rural.
- A estadía media en Galicia sitúase entre as máis baixas do conxunto do Estado onde novamente Canarias –cunha media de 7,6 noites- rexistra o valor máis elevado de toda España. Con 4,9 noites sitúase a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana –que rexistra un promedio de 4,0 noites- e Murcia –que rexistra unha media de 3,5 noites neste caso-. No lado contrario é Castela A Mancha a que marca o valor máis baixo –quedando novamente por debaixo de 1,7 noites de media neste caso-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Marzo 2017



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase un comportamento semellante ao comentado do lado da demanda aínda que con algunha pequena diferenza. A ocupación cae nos hoteis –en preto de 2,4 puntos porcentuais-, nas pensións –en 3,5 puntos-, nos apartamentos turísticos –en sete puntos- e nos establecementos de turismo rural –en 5,7 puntos neste caso- como consecuencia da caída das pernoctacións nun contexto no que tamén se observa un descenso da oferta medida en prazas dispoñibles –se ben con menor intensidade á caída da demanda-.
- No lado contrario obsérvase unha mellora da ocupación nos cámpings –de tres puntos porcentuais- como consecuencia dun forte axuste da oferta nun contexto negativo da demanda.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 29,2% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos establecementos de turismo rural cunha ocupación media do 6,6% -equivalente á de febreiro-.